



Recomendación dirixida á Consellería de Política Social e Xuventude sobre retraso de unha valoración de discapacidade

Expediente: G.6.Q/13485/23

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2023

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX referente ao retraso dunha valoración de discapacidade.

ANTECEDENTES

1. No escrito indica

“Que se acelere o proceso de concesión de minusvalía solicitada (aínda que so sexa de maneira temporal) para poder acceder a algún traballo compatible coa miña situación actual, pois actualmente non podo realiza-lo meu traballo habitual debido a incompatibilidade das miñas actividades coa miña enfermidade...”.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu. No informe sinálase o seguinte:

“... Existe un elevado número de solicitudes que son atendidas seguindo a orde de entrada para cumprir o establecido no artigo 16.1 da Orde do 25 de novembro de 2015, pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Esa orde de tramitación só pode ser modificada nos casos previstos no artigo 16.2 da mesma orde, que recolle os supostos de urxencia: acceso ao emprego e ás ensinanzas reguladas onde exista reserva de prazas para persoas con discapacidade, solicitudes de axudas/subvencións sometidas a prazos, menores de 18 anos, maiores de 90 anos, pensión non contributiva ou prestación por fillo a cargo, caducidade da valoración do grao de discapacidade ou existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo a violencia de xénero.

XXX presenta solicitude de valoración por motivos físicos en data 27/03/2023 e dado que non acreditou ningún dos requisitos anteriormente referidos o seu expediente considerase de tramitación ordinaria, por tanto neste momento atópase pendente de valoración, pero XXX foi informada de que en canto

acredite o criterio “acceso ao emprego” o seu expediente pasaría a considerarse de tramitación urxente”.

ANÁLISE

1. Confírmase o expresado na queixa; o procedemento de valoración da discapacidade atópase retrasado, posto que iniciouse o 27-3-23 e non resolveuse, a pesar de que o prazo é de 3 meses. Non se aporta unha data prevista para a valoración e a resolución.

2. A situación de atraso das valoracións da discapacidade é coñecida a través desta e doutras queixas, e, como pode apreciarse, o problema continúa. Porén, apreciouse unha melloría nos tempos de espera, que antes eran máis prolongados.

3. A consellería aplicou determinadas medidas e anunciou outras, pero os retrasos seguen, como confirma esta queixa; por iso é preciso reclamar as medidas precisas para corrixir os retrasos nas valoracións de discapacidade, que prexudican ás persoas afectadas ao retrasar o acceso aos eventuais beneficios.

4. No ámbito laboral prevese a priorización cando exista reserva de prazas para persoas con discapacidade, pero a súa aplicación adoita limitarse aos casos de convocatorias nas administracións con quendas de reserva.

No ámbito privado, onde tamén pode aplicarse unha porcentaxe reservada, as ofertas non están condicionadas á acreditación da discapacidade, pero a empresa valora esta circunstancia debido a necesidade de cumprir a porcentaxe legalmente prevista, no caso de afectarlle, e tamén polas vantaxes económicas de contratar unha persoa con discapacidade. Así, a presentación á oferta co certificado de discapacidade é relevante e os habituais retrasos son un grave inconveniente para a inclusión laboral.

5. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade, as que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49).

Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓN



Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social e Xuventude a seguinte recomendación:

Que con carácter xeral se habiliten as medidas anunciadas e as demais que se consideren precisas para corraxir os retrasos nas valoracións de discapacidade, que prexudican ás persoas afectadas ao retrasar o acceso aos eventuais beneficios; e que se resolva sobre a valoración da persoa afectada no presente caso, posto que se atopa demorada, de acordo co prazo previsto.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo